

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**19597** *Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior.*

Un dos obxectivos perseguidos coa implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) foi aumentar a compatibilidade e comparabilidade entre os sistemas europeos de educación superior, respectando a súa diversidade, coa intención de promover a mobilidade de estudantes, titulados, profesores e persoal de administración.

A mobilidade de estudantes que se persegue non se debe entender unicamente na súa dimensión internacional, senón tamén dentro de España, entre as diferentes ensinanzas que configuran a educación superior. Neste sentido, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina que «o ensino universitario, as ensinanzas artísticas superiores, a formación profesional de grao superior, as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas deportivas de grao superior constitúen a educación superior» (artigo 3.4).

Certamente, a lexislación vixente xa permite a mobilidade interna dos estudantes entre as diferentes ensinanzas que conforman o Espazo Europeo de Educación Superior, a través do sistema de recoñecemento e validación de estudos, ben que as normas que o regulan se encontran disgregadas nas disposicións ordenadoras de cada ensinanza.

En relación coas ensinanzas universitarias, o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, limitase a prever xenericamente que «poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos cursados noutras ensinanzas superiores» (artigo 6.2).

Para as ensinanzas artísticas, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 53.4, e o artigo 28 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, establecen que se regularán «as validacións que se puidesen establecer entre as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas universitarias». O artigo 27 do Real decreto 596/2007, do 4 de maio, regula, así mesmo, a posibilidade de establecer validacións ou recoñecemento de créditos entre as ensinanzas de artes plásticas e deseño de grao superior e as ensinanzas artísticas de grao.

Por outra parte, os artigos 10.2 dos reais decretos 633, 634 e 635 (todos de 2010), polos que se regulan os contidos básicos das ensinanzas de grao de deseño, artes plásticas e conservación e restauración de bens culturais, determina que «as administracións educativas recoñecerán a aqueles que estean en posesión dos títulos de técnico superior de artes plásticas e deseño os créditos correspondentes ás materias de formación básica e de formación especializada (dos títulos de grao de ensinanzas artísticas), cando a especialidade do título estea directamente relacionada coas competencias específicas da especialidade que se cursa».

Para as ensinanzas deportivas, o artigo 65.4 da Lei orgánica 2/2006, e o artigo 38 do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, dispoñen que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas e oído o Consello de Universidades, establecerá as validacións entre estudos universitarios e estudos de ensinanzas deportivas de grao superior.

Finalmente, o número 3 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 4/2011, do 11 de marzo, complementaria da Lei de economía sustentable, pola que se modifican as leis orgánicas 5/2002, das cualificacións profesionais e da formación profesional, 2/2006, de educación, e 6/1985, do poder xudicial, encomenda ás administracións educativas e ás universidades, no ámbito das súas competencias, promover a mobilidade entre as ensinanzas universitarias e de formación profesional superior. O lexislador, en coherencia

coa finalidade esencial da reforma legal de promover a formación profesional, dedica unha atención singular á mobilidade dos estudantes de formación profesional que pretenden cursar estudos universitarios oficiais (letras a), b) e c)), pero tamén se refire á mobilidade na dirección contraria, desde as ensinanzas universitarias cara á formación profesional, cando encomenda ao Goberno a regulación «das validacións que procedan entre os estudos universitarios de grao, ou equivalente, que teñan cursados e os módulos profesionais que correspondan do ciclo formativo de grao superior que se curse» (letra d). Con estas medidas a Lei orgánica 4/2011 pretende facilitar a mobilidade dos estudantes cando exista relación entre os estudos universitarios de grao, ou equivalentes, que se teñan cursados e os módulos profesionais do ciclo de grao superior que se pretendan cursar.

Da análise deste amplo marco normativo dedúcese a necesidade de que o Goberno exerza as diversas habilitacións legais e mandatos regulamentarios que recaen sobre el para establecer un marco xurídico xeral que permita promover o recoñecemento destas ensinanzas entre si. Recentemente, o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, reitera a necesidade desta regulación ao encomendar ao Goberno que, mediante real decreto, estableza o réxime de validacións entre as ensinanzas da educación superior: as universitarias, as de formación profesional e as de réxime especial (artigo 38.2).

De conformidade co exposto, este real decreto dá un tratamento integral ao recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior que necesariamente parte do principio, xeralmente aplicado ata o momento, de que o recoñecemento de estudos debe partir da similitude entre as competencias, coñecementos e resultados de aprendizaxe que proporcionan os estudos superados e os que se pretenden cursar. A novidade do modelo reside en establecer relacións directas entre determinadas titulacións, entre as que a mobilidade dos estudantes se verá notablemente facilitada.

A principal dificultade para conseguir este obxectivo sen menoscabar a finalidade das diferentes ensinanzas reside en establecer estas «pasarelas» entre titulacións directamente relacionadas, especialmente coas ensinanzas universitarias, debido á ausencia dun catálogo cerrado de títulos universitarios de grao oficiais. Para resolver este problema as referencias aos graos universitarios dirixíronse, en primeiro termo, ás ramas de coñecemento, diferindo a súa ulterior concreción a acordos entre a Administración educativa e as universidades. O recoñecemento a estes acordos de efectos en todo o territorio nacional asegura a eficacia e eficiencia a este modelo cooperativo.

En todo caso, a mobilidade entre as diferentes ensinanzas resulta posible grazas a que, tras a aprobación da Lei orgánica 2/2006, todas as titulacións oficiais superiores asignaron aos seus módulos e materias un número de créditos ECTS, ao igual que os graos universitarios, o que proporciona parámetros obxectivos para comparar a duración e carga lectiva dos currículos e plans de estudos. Esta base común permitiu establecer un mínimo de créditos ECTS cuxo recoñecemento se garante cando se pretende cursar estudos directamente relacionados cos xa acreditados. Este mínimo garantido determínase en función da duración da titulación obxecto de recoñecemento e dos estudos que se pretenden cursar.

Durante o seu proceso de elaboración, o real decreto someteuse ao informe do Consello de Estudantes Universitario do Estado, do Consello de Universidades e do Consello Escolar do Estado. Así mesmo, someteuse á consideración das comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Educación e da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

## DISPOÑO

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto deste real decreto é establecer o réxime de recoñecemento de estudos entre as diferentes ensinanzas que constitúen a educación superior.

2. Este real decreto non será de aplicación á validación ou recoñecemento entre os seguintes estudos, que se rexerán pola súa normativa específica:

- a) A validación ou recoñecemento entre estudos dunha mesma ensinanza.
- b) A validación entre estudos de técnico superior de ensinanzas distintas.

Artigo 2. *Estudos susceptibles de recoñecemento.*

1. Poderán ser obxecto de recoñecemento os estudos que conduzan á obtención dos seguintes títulos oficiais españois de educación superior:

- a) Os títulos universitarios de graduado.
- b) Os títulos de graduado en ensinanzas artísticas.
- c) Os títulos de técnico superior de artes plásticas e deseño.
- d) Os títulos de técnico superior de formación profesional.
- e) Os títulos de técnico deportivo superior.

2. Con carácter xeral, unicamente poderán ser obxecto de recoñecemento as ensinanzas completas que conduzan aos títulos oficiais con validez en todo o territorio español enumerados no punto anterior.

Non obstante, poderán ser obxecto de recoñecemento os períodos de estudos superados conducentes a titulacións oficiais españolas de ensinanzas universitarias ou artísticas de grao e os cursos de especialización referidos a un título oficial de técnico superior de formación profesional ou de técnico deportivo superior de ensinanzas deportivas, sempre que se acrediten oficialmente en créditos ECTS.

3. Tamén se poderán considerar para efectos de recoñecemento os títulos estranxeiros sempre que estes fosen homologados a algún dos títulos españois oficiais de educación superior, de acordo coa normativa de aplicación en cada caso.

Artigo 3. *Autoridades competentes.*

1. Corresponde ás administracións educativas o recoñecemento dos estudos universitarios de grao oficialmente acreditados, para efectos de cursar ensinanzas conducentes á obtención do título de técnico superior, técnico deportivo superior, ou de grao de ensinanzas artísticas.

2. Corresponde ás universidades o recoñecemento dos estudos oficialmente acreditados de ensinanzas superiores artísticas, deportivas ou de formación profesional, para efectos de cursar programas de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de grao.

Artigo 4. *Criterios de valoración.*

1. O recoñecemento de estudos realizarase tendo en conta a adecuación das competencias, coñecementos e resultados de aprendizaxe entre as materias conducentes á obtención de títulos de grao e os módulos ou materias do correspondente título de técnico superior.

2. Cando entre os títulos alegados e aqueles a que conducen as ensinanzas que se pretenden cursar exista unha relación directa, as autoridades competentes garantirán o recoñecemento dun número mínimo de créditos ECTS variable en función da duración dos currículos ou plans de estudo, de conformidade co disposto no anexo 1.

Así mesmo, nestes casos deberá ser obxecto de recoñecemento, total ou parcial, a formación práctica superada de similar natureza e, concretamente:

- a) As prácticas externas curriculares en ensinanzas universitarias e artísticas superiores de grao.
- b) O módulo profesional de formación en centros de traballo das ensinanzas de formación profesional de grao superior.
- c) Os créditos asignados á fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres das ensinanzas profesionais de grao superior de artes plásticas e deseño.
- d) Os créditos asignados á fase ou módulo de formación práctica das ensinanzas deportivas de grao superior.

#### Artigo 5. *Relacións directas entre titulacións.*

1. Para efectos do disposto no artigo 4.2, entenderase que existe unha relación directa entre as titulacións pertencentes a diferentes ensinanzas que aparecen relacionadas no anexo 2, sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

2. As relacións directas dos títulos universitarios de grao cos títulos de grao de ensinanzas artísticas, de técnico superior e de técnico deportivo superior concretaranse mediante un acordo entre as universidades que os impartan e a Administración educativa correspondente.

As relacións que se establezan deberán respectar as ramas de coñecemento previstas no anexo 2, así como os criterios xerais que determine o ministro de Educación.

Os acordos subscritos entre unha universidade e a Administración educativa terán efectos en todo o territorio nacional, deberán ser comunicados ao Ministerio de Educación e serán obxecto de publicación oficial.

3. O Ministerio de Educación manterá, nun soporte accesible ao público, unha relación actualizada de todas as titulacións de diferentes ensinanzas que se encontren directamente relacionadas, para efectos do recoñecemento de estudos.

#### Artigo 6. *Límites ao recoñecemento ou validación.*

1. O procedemento regulado neste real decreto en ningún caso poderá comportar a obtención doutro título de educación superior a través do recoñecemento da totalidade das súas ensinanzas.

2. En ningún caso poderán ser obxecto de recoñecemento ou validación os créditos correspondentes:

- a) Aos traballos de fin de grao de ensinanzas universitarias ou artísticas superiores.
- b) Aos módulos de obra final ou de proxecto integrado das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño.
- c) Aos módulos profesionais de proxecto das ensinanzas de formación profesional.
- d) Aos módulos de proxecto final das ensinanzas deportivas.

3. Os estudos recoñecidos non poderán superar o 60 por 100 dos créditos do plan de estudos ou do currículo do título que se pretende cursar.

4. Cando o recoñecemento se solicite para cursar ensinanzas conducentes á obtención dun título que dea acceso ao exercicio dunha profesión regulada, deberase comprobar que os estudos alegados responden ás condicións exixidas aos currículos e plans de estudos cuxa superación garante a cualificación profesional necesaria.

#### Artigo 7. *Iniciación do procedemento.*

1. A solicitude de recoñecemento presentarase no centro ou institución en que se encontre matriculado o interesado para cursar as ensinanzas para as que se require o recoñecemento de estudos, e deberase dirixir á autoridade competente prevista no artigo 3 deste real decreto.

O solicitante deberá ter satisfeitos os dereitos de matrícula para cursar os estudos para os cales se solicita o recoñecemento.

2. Estas solicitudes deberanse presentar no prazo dun mes a partir da iniciación oficial do curso en que o interesado se encontra matriculado.

3. As solicitudes deberán ir acompañadas da acreditación oficial dos estudos cuxo recoñecemento se solicita, mediante a presentación do título oficial de educación superior expedido polas autoridades competentes españolas ou certificación substitutoria daquel.

No caso de estudos parciais de grao, deberase presentar a certificación académica oficial correspondente aos estudos superados.

O Ministerio de Educación, en colaboración coas comunidades autónomas e as universidades, promoverá os mecanismos necesarios para que os interesados poidan substituír a presentación destes documentos pola autorización ao instrutor dos procedementos para que os presente directamente, cando esta sexa necesaria.

#### Artigo 8. *Resolución.*

1. O prazo máximo para resolver e notificar as resolucións será de tres meses a partir do día seguinte ao de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver.

2. O vencemento do prazo máximo sen se ter notificado resolución expresa lexítima ou interesado ou interesados que deducisen a solicitude para entendela desestimada por silencio administrativo.

#### Artigo 9. *Efectos do recoñecemento.*

1. O recoñecemento de estudos comportará a aceptación polas autoridades competentes dos créditos obtidos noutras ensinanzas superiores para efectos de obtención dun título oficial dos previstos no artigo 2.1 deste real decreto.

2. O recoñecemento comportará a validación ou a exención de cursar os módulos, materias ou disciplinas que se determinen, para efectos da obtención do título oficial de educación superior que se cursa.

Nos títulos de técnico superior de formación profesional a exención só se poderá realizar para os módulos profesionais non asociados a unidades de competencia profesional, exceptuando o de formación e orientación laboral.

#### Disposición adicional primeira. *Novos títulos de técnico superior.*

Os reais decretos polos que se establezan novos títulos de técnico superior ou de técnico deportivo superior e se fixen as súas ensinanzas mínimas deberán determinar as titulacións ou ramas do coñecemento doutras ensinanzas superiores coas cales establece unha relación directa.

#### Disposición adicional segunda. *Administración electrónica.*

O Ministerio de Educación, en colaboración coas comunidades autónomas e as universidades, promoverá medidas para a implantación da Administración electrónica nos procedementos regulados neste real decreto, de conformidade co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

#### Disposición adicional terceira. *Relacións directas con títulos de grao da UNED.*

De conformidade coa disposición adicional primeira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, a Universidade Nacional de Educación a Distancia e o Ministerio de Educación establecerán os acordos previstos no artigo 5.2 deste real decreto para concretar as relacións directas existentes entre os títulos de grao impartidos pola universidade e os títulos de grao de ensinanzas artísticas, de técnico superior de

formación profesional, de técnico superior de artes plásticas e deseño e de técnico deportivo superior.

Disposición adicional cuarta. *Suboficiais das Forzas Armadas anteriores á Lei 39/2007.*

Os suboficiais das Forzas Armadas que cursaron os plans de estudos anteriores aos desenvolvidos en execución da Lei 39/2007 e cuxa formación fose declarada equivalente ao nivel académico do título de técnico superior de conformidade co Real decreto 205/2002, do 22 de febreiro, sobre directrices xerais dos plans de estudos do ensino militar de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais das Forzas Armadas, poderán solicitar o seu recoñecemento para efectos de cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao nos termos que, se é o caso, determine o ministro de Educación.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos iniciados.*

Os procedementos de validación ou recoñecemento iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa vixente no momento de presentación da solicitude, sen prexuízo do dereito dos interesados a desistir da solicitude e iniciar un novo procedemento conforme o previsto neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Traspasos ás comunidades autónomas.*

Ata que as comunidades autónomas as asuman de forma efectiva a través dos correspondentes acordos de traspasos, o Ministerio de Educación continuará exercendo as funcións de validación dos estudos oficiais de ensinanzas universitarias e artísticas superiores de grao, dos ciclos formativos de grao superior de formación profesional e de artes plásticas e deseño, e dos ciclos de grao superior de ensinanzas deportivas, a aqueles que cursen ensinanzas de formación profesional, de artes plásticas e deseño e deportivas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da regra 30.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que reserva ao estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Habilitacións.*

Habilítase o ministro de Educación para aprobar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta norma e, en particular, para:

- a) Establecer criterios xerais para a concreción da relación directa entre os títulos universitarios de grao e os títulos de grao de ensinanzas artísticas, de técnico superior e de técnico deportivo superior.
- b) Establecer criterios específicos para a valoración do recoñecemento entre ensinanzas de educación superior, logo de informe do Consello Escolar do Estado, do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e do Consello de Universidades, e oídas as comunidades autónomas.
- c) Actualizar o anexo 2 deste real decreto, como consecuencia da aprobación de títulos de técnico superior e de técnico deportivo superior con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. As previsións deste real decreto serán de aplicación aos recoñecementos de estudos que se soliciten para efectos de cursar titulacións de educación superior a partir do curso 2012/2013.

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,  
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

## ANEXO 1

**Número mínimo de créditos ECTS cuxo recoñecemento queda garantido entre titulacións relacionadas, en función dos estudos cursados e aqueles que se pretenden cursar e para os cales se solicita o recoñecemento**

		Estudos que se pretenden cursar				
		Grao universitario	Grao artísticas	TS formación profesional	TS artes plásticas e deseño	Técnico deportivo superior
E s t u d o s cursados	Grao universitario		36	24	24	16
	Grao artísticas	36		24	24	16
	TS formación profesional	30	30			
	TS artes plásticas e deseño	30	30			
	Técnico deportivo superior	27	27			

## ANEXO 2

**Títulos de educación superior relacionados para efectos de aplicación do mínimo garantido de créditos recoñecidos do artigo 4.2**

a) Relacións entre títulos de grao de ensinanzas artísticas e ramas de coñecemento de ensinanzas universitarias de grao.

Ensinanzas universitarias de grao (rama de coñecemento)	Ensinanzas artísticas de grao (títulos)
Artes e Humanidades.	– Deseño.
	– Artes plásticas.
	– Conservación e restauración de bens culturais.
	– Música.
	– Danza.
	– Arte dramática.
Ciencias.	– Conservación e restauración de bens culturais.
	– Deseño.
	– Artes plásticas.
Enxeñaría e Arquitectura.	– Conservación e restauración de bens culturais.
	– Deseño.
	– Artes plásticas.
Ciencias da Saúde.	– Danza.
Ciencias Sociais e Xurídicas.	– Música.
	– Danza.
	– Arte dramática.
	– Deseño.



b) Relacións entre títulos de formación profesional superior e ramas de coñecemento de ensinanzas universitarias de grao.

Ensinanzas de formación profesional (título)	Ensinanzas universitarias de grao (ramas de coñecemento)
Técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas.	Ciencias Sociais e Xurídicas. Ciencias da Saúde.
Técnico superior en navegación, pesca e transporte marítimo.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en produción acuícola.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en supervisión e control de máquinas e instalacións do buque.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en acuicultura.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en administración e finanzas.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en secretariado.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en asistencia á dirección.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en xestión e organización de empresas agropecuarias.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en paisaxismo e medio rural.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en xestión forestal e medio natural.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en deseño e produción editorial.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en produción en industrias de artes gráficas.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en comercio internacional.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en xestión comercial e márketing.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en xestión do transporte.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en servizos ao consumidor.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en transporte e loxística.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en xestión de vendas e espazos comerciais.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en márketing e publicidade.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en realización e plans de obras.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en proxectos de edificación.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en proxectos de obra civil.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en sistemas de telecomunicación e informáticos.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en sistemas de regulación e control automáticos.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en desenvolvemento de produtos electrónicos.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en mantemento electrónico.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en sistemas de telecomunicacións e informáticos.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en automatización e robótica industrial.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.

Ensinanzas de formación profesional (título)	Ensinanzas universitarias de grao (ramas de coñecemento)
Técnico superior en centrais eléctricas.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en enerxías renovables.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en produción por fundición e pulvimetalurxia.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en construcións metálicas.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en óptica e anteollaría.	Ciencias da Saúde. Enxeñaría e Arquitectura. Ciencias.
Técnico superior en deseño en fabricación mecánica.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en programación da produción en moldaxe de metais e polímeros.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en animación turística.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en axencias de viaxe e xestión de eventos.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en dirección de cociña.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en dirección en servizos de restauración.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en guía, información e asistencia turísticas.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en asesoría de imaxe persoal.	Ciencias da Saúde. Ciencias.
Técnico superior en estética.	Ciencias da Saúde. Ciencias.
Técnico superior en estética integral e benestar.	Ciencias da Saúde. Ciencias.
Técnico superior en estilismo e dirección de perrucaría.	Ciencias da Saúde. Ciencias.
Técnico superior en imaxe.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas. Arquitectura e Enxeñaría.
Técnico superior en produción de audiovisuais, radio e espectáculos.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas. Arquitectura e Enxeñaría.
Técnico superior en realización de audiovisuais e espectáculos.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas. Arquitectura e Enxeñaría.
Técnico superior en son.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas. Arquitectura e Enxeñaría.
Técnico superior en animacións 3D, xogos e contornos interactivos.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas. Arquitectura e Enxeñaría.
Técnico superior en vitivinicultura.	Ciencias.
Técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.	Enxeñaría e Arquitectura. Ciencias.
Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en administración de sistemas informáticos.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.

Ensinanzas de formación profesional (título)	Ensinanzas universitarias de grao (ramas de coñecemento)
Técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en mecatrónica industrial.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en mantemento de equipamento industrial.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en prevención de riscos profesionais.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en desenvolvemento de produtos de carpintería e moble.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en produción de madeira e moble.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en deseño e amoblamento.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en plásticos e caucho.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en fabricación de produtos farmacéuticos e afíns.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en industrias de procesos de pasta e papel.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en química ambiental.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en laboratorio de análises e de control de calidade.	Ciencias.
Técnico superior en química industrial.	Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en próteses dentais.	Ciencias da Saúde.
Técnico superior en hixiene bucodental.	Ciencias da Saúde.
Técnico superior en ortoprotésica.	Ciencias da Saúde. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en audioloxía protésica.	Ciencias da Saúde. Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en laboratorio de diagnóstico clínico.	Ciencias da Saúde. Ciencias.
Técnico superior en anatomía patolóxica e citoloxía.	Ciencias da Saúde. Ciencias.
Técnico superior en dietética.	Ciencias. Ciencias da Saúde.
Técnico superior en documentación sanitaria.	Ciencias Sociais e Xurídicas. Ciencias da Saúde.
Técnico superior en radioterapia.	Ciencias da Saúde Ciencias.
Técnico superior en imaxe para o diagnóstico.	Ciencias da Saúde. Ciencias.
Técnico superior en saúde ambiental.	Ciencias da Saúde. Ciencias.
Técnico superior en educación e control ambiental.	Ciencias.
Técnico superior en integración social.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en educación infantil.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en animación sociocultural.	Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en interpretación da linguaxe de signos.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas.
Técnico superior en vestiario á medida e para espectáculos.	Enxeñaría e Arquitectura.

Ensinanzas de formación profesional (título)	Ensinanzas universitarias de grao (ramas de coñecemento)
Técnico superior en deseño e produción de calzado e complementos.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en patronaxe e moda.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en deseño técnico en téxtil e pel.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en procesos téxtiles de fiadura e tecedura calada.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en procesos téxtiles en tecedura de punto.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en procesos de ennobrecemento téxtil.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en curtidos.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en automoción.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en mantemento aeromecánico.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en mantemento de aviónica.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en fabricación e transformación de produtos de vidro.	Enxeñaría e Arquitectura.
Técnico superior en desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos.	Enxeñaría e Arquitectura.

c) Relacións entre títulos profesionais de grao superior de artes plásticas e deseño e ramas de coñecemento de ensinanzas universitarias de grao.

Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (títulos de técnico superior)	Ensinanzas universitarias de grao (ramas de coñecemento)
Artes aplicadas da escultura.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura.
Artes aplicadas á indumentaria.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura.
Artes aplicadas ao libro.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas.
Artes aplicadas ao muro.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura.
Arte floral.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas
Cerámica artística.	Artes e Humanidades. Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.
Deseño gráfico.	Artes e Humanidades. Ciencias Sociais e Xurídicas.
Deseño industrial.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura.
Deseño de interiores.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura
Esmaltes artísticos.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura
Xoiaría de arte.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura
Téxtiles artísticos.	Artes e Humanidades. Enxeñaría e Arquitectura
Vidro artístico.	Artes e Humanidades. Ciencias. Enxeñaría e Arquitectura.

d) Relacións entre títulos de ensinanzas deportivas de grao superior e ramas de coñecemento de ensinanzas universitarias de grao.

Ensinanzas deportivas (título de técnico superior)	Ensinanzas universitarias de grao (rama de coñecemento)
Técnico deportivo superior en calquera modalidade deportiva.	Ciencias Sociais e Xurídicas. Ciencias da Saúde.

e) Relacións directas entre títulos de grao de ensinanzas artísticas e títulos de técnico superior de formación profesional.

Ensinanzas artísticas (graos)	Ensinanzas de formación profesional (título de técnico superior)
Deseño gráfico.	Deseño e produción editorial. LOXSE
	Produción en industrias de artes gráficas. LOXSE
Deseño de interiores.	Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción. LOXSE.
	Proxectos de edificación. LOE.
Deseño de moda.	Vestiaro á medida e para espectáculos. LOE
	Patronaxe e moda. LOE.
Deseño de produto.	Deseño en fabricación mecánica. LOE.
Artes plásticas en cerámica.	Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos. LOE.
Artes plásticas en vidro.	Fabricación e transformación de produtos de vidro. LOXSE.

f) Relacións directas entre títulos de grao de ensinanzas artísticas e títulos de técnico superior de artes plásticas e deseño.

Ensinanzas artísticas (graos)	Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (título de técnico superior)
Deseño gráfico.	Gráfica publicitaria.
	Ilustración.
	Fotografía.
Deseño de interiores.	Proxecto e dirección de obras de decoración.
	Amoblamento.
	Arquitectura efémera.
	Escaparatismo.
Deseño de moda.	Elementos de xardín.
	Estilismo de indumentaria.
Deseño de produto.	Modelismo de indumentaria.
	Modelismo e maquetismo.
	Modelismo industrial.
Artes plásticas en cerámica.	Mobiliario.
	Cerámica artística (LOE).
	Modelismo e matrizaría cerámica (LOE).
	Recubrimentos cerámicos (LOE).
	Pavimento e revestimentos cerámicos.
	Cerámica artística (LOXSE).
Artes plásticas en vidro.	Modelismo e matrizaría cerámica (LOXSE).
	Artes do vidro.
	Vidreiras artísticas.